



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Dirección Estratéxica de Empresas Turísticas		Código	662G01042
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Rodrigues Soares, Jakson Renner	Correo electrónico	jakson.soares@udc.gal	
Profesorado	Rodrigues Soares, Jakson Renner	Correo electrónico	jakson.soares@udc.gal	
Web				
Descrición xeral	Formar profesionais competentes na Dirección Estratéxica das organizacións Turísticas co obxecto que coñezan a fondo o seu ámbito funcional e consecuentemente poidan definir obxectivos, formular e executar estratexias, aplicar e resolver situacións con criterios técnicos, e tomar decisións no seu ámbito competencial para poder desenvolverlas en empresas turísticas.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A2	Analizar a dimensión económica do turismo.
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A4	Coñecer as principais estruturas político-administrativas turísticas.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A7	Recoñecer os principais axentes turísticos.
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A9	Analizar, sintetizar e resumir criticamente a información económico-patrimonial das organizacións turísticas.
A10	Xestionar os recursos financeiros.
A11	Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A12	Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A28	Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.
A33	Creatividade.
A34	Iniciativa e espírito emprendedor.
A35	Motivación por calidade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Comprender e aplicar conceptos e ferramentas básicas de dirección estratéxica para o funcionamento das empresas do turismo e ocio	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7	B7	C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A28		
A33			
A35			
Capacidade de planificación	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7	B7	C7
	A8		C8
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A18		
	A23		
	A28		
	A33		
	A34		
A35			



Comprender o entorno turístico	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7	B7	C7
	A9		C8
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A18		
	A23		
A28			
A35			
Capacidade de traballo en equipo	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A5	B3	C3
	A6	B4	C4
	A9	B5	C5
	A10	B6	C6
	A11	B7	C7
	A12		C8
	A13		
	A28		
	A33		
	A34		
	A35		

Contidos	
Temas	Subtemas
1 - Concepto de Estratexia	1.1 - Introducción 1.2 - Orixes da estratexia 1.3 - Concepto de estratexia na empresa turística
2 - Concepto da dirección estratéxica	2.1 - Introducción 2.2 - Natureza da dirección estratéxica 2.3 - Niveis da estratexia na empresa turística 2.4 - Fases da dirección estratéxica
3 - Análise da contorna da empresa turística	3.1 - Introducción 3.2 - Natureza da contorna 3.3 - Ferramentas do contorna
4 - Estratexias xenéricas e vantaxes competitivas na empresa turística	4.1 - Introducción 4.2 - Concepto, creación e mantemento das vantaxes competitivas 4.3 - Estratexias de liderado en custos 4.4 - Estratexias de diferenciación 4.5 - Estratexias de focalización



5 - Estratexias de crecemento na empresa turística	5.1 - Introducción 5.2 - Expansión e diversificación 5.3 - Estratexias de consolidación 5.4 - Estratexias de desenvolvemento de produtos/servizos 5.5 - Estratexias de desenvolvemento de mercados 5.6 - Estratexias de diversificación
6 - Formulación estratéxica	6.1 - Introducción 6.2 - Formulación 6.3 - Retos e alternativas estratéxicas 6.4 - A priorización e selección da estratexia
7 - Planificación e implementación	7.1 - Introducción 7.2 - A planificación e a implementación no proceso de dirección estratéxica 7.3 - A planificación da estratexia e a xestión do cambio
8 - Proceso de control estratéxico	8.1 - Introducción 8.2 - Seguimento e control 8.3 - Indicadores

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 A2 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 A35 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	12	24	36
Traballos tutelados	A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A18 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	4	15	19
Proba mixta	A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	4	10	14
Seminario	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 A23 A28 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	12	48	60
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	10	20
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	O alumnado terá que resolver situacións problemáticas concretas, a partir dos coñecementos que se traballaron en clases. Esas actividades serán propostas ao longo do curso e poderán ser resolvidas presencialmente en clases ou con traballo autónomo do alumnado.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo a tutela da persoa docente e en escenarios variados (académicos e profesionais). Nesa metodoloxía o alumnado asume a responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo docente-titor. O alumnado poderá realizar o traballo baixo a metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo ApS, desenvolvendo o seu traballo nun contexto real e en conxunto con outros colectivos  Nas titorías planificarase o traballo que debe presentar o alumnado a final de curso. Nesa etapa poderase traballar tamén coa metodoloxía COIL para intercambio online entre o alumnado da materia con alumnado de outras universidades.
Proba mixta	O exame presencial incluírá, non exclusivamente, problemas prácticos e preguntas teóricas obxectivas/subxectivas (preguntas de resposta verdadeiro-falso, tipo test, e/ou preguntas de resposta curta, e/ou preguntas de resposta longa, e/ou preguntas sobre o estudo de casos) relacionadas coa materia.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. O docente irá propor temas para a discusión do alumnado. Nesta tarefa o alumnado deberá elaborar documentos e achegar conclusións que serán debatidas en clases.
Sesión maxistral	Nesa actividade traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción de coñecemento. Realízase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Estudo de casos Proba mixta Seminario	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo directo co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.  O xeito e o momento no que se desenvolverá será indicado en relación a cada actividade, ao longo do curso, segundo o plan de traballo da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A18 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Traballo realizado polo alumnado que desenvolverá ao longo do cuadrimestre e que presentará a final de curso.  No transcurso da materia será proposto un traballo grupal para aplicar os coñecementos xerados nas clases de forma práctica.  Será valorada a calidade formal da presentación escrita; a calidade e creatividade dos contidos tratados; a amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas.  O traballo será realizado en grupos pequenos de 4 integrantes e avaliado con rúbrica que o alumnado coñecerá ao principio das clases. O traballo poderá ter unha compoñente de ApS, ou COIL, ou dentro do proxecto elixido polo alumnado.	30



Estudo de casos	A1 A2 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 A35 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Valorarase a resolución de varias situacións problemáticas concretas a partir dos coñecementos traballados nas clases expositivas.  O docente irá propor os casos e o alumnado terá que aplicar o seu coñecemento á situación proposta.	15
Proba mixta	A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Consistirá na realización, en data oficialmente establecida, dunha proba mixta que recolla os contidos teóricos e prácticos dos diversos bloques temáticos da materia.	50
Seminario	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A12 A13 A23 A28 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	Nos seminarios formularanse diversos casos e a solución que o alumnado crea máis conveniente. Intentarase buscar algunha empresa do sector para que veña a contar a súa experiencia para xerar un debate.  Asistencia obrigatoria para poder analizar e valorar os casos prácticos desenvolvidos.	5

Observacións avaliación



Os criterios de avaliación son os mesmos para cada unha das oportunidades de avaliación, incluída a convocatoria anticipada.

A nota final do curso calcularase do seguinte xeito:

PARTE PRÁCTICA (50%), composta por:

? Estudos de caso (15%).

? Traballos tutelados (30%).

? Seminario (5%).

PROBA MIXTA (50%):

? Exame presencial (tipo proba mixta que poderá ser oral ou escrita segundo a decisión do profesor) sobre os contidos da materia.

Para superar a materia en PRIMEIRA OPORTUNIDADE é necesario obter unha puntuación do 50% no sumatorio das dúas partes: parte práctica (Estudos de caso, Traballos tutelados e Seminario) e Proba mixta.

Para realizar o sumatorio das dúas partes, é necesario obter unha puntuación do 50% da Proba Mixta.

Os criterios de puntuación dos traballos incluídos na parte práctica con exposición oral dos indicados polo profesor e da proba mixta anunciaranse no momento da súa realización e achegaranse xunto cos seus escritos.

A entrega dos traballos incluídos na parte práctica realizarase exclusivamente a través da plataforma Moodle (salvo que o profesor indique o contrario) e cumprindo o prazo de entrega establecido. Aqueles traballos incluídos na parte práctica entregados fóra de prazo ou non entregados serán clasificados como "non presentados". O feito de non asistir a unha exposición oral tamén implicará a cualificación de "non presentado" para ese exercicio. Para os efectos do cómputo da nota final da parte práctica, a non presentación dalgunha das tarefas penalizará coa resta na nota final da parte práctica do valor atribuído á citada tarefa non presentada.

En segunda oportunidade, o alumnado poderá repetir tamén todos os traballos incluídos na parte práctica clasificados como suspensos ou non presentados (consérvanse as cualificacións das tarefas aprobadas dunha oportunidade a outra).

Para superar a materia na SEGUNDA OPORTUNIDADE, como na primeira oportunidade, é necesario obter unha puntuación do 50% no sumatorio das dúas partes: parte práctica (Estudos de caso, Traballos tutelados e Seminario) e Proba mixta.

Os únicos utensilios cos que se permite acceder ao recinto onde se realiza a proba mixta final son os básicos para contestar o exame: lapis, bolígrafo ou bolígrafo, goma de borrar e calculadora electrónica non programable.

Queda expresamente prohibido o acceso ao lugar do exame con: a) teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo que permita a comunicación remota e/ou almacenamento de información; b) Apuntes, anotacións, libros ou material similar que non estivese expresamente autorizado na convocatoria do exame ou no campus virtual da materia. O incumprimento desta norma supón que a proba se considera realizada con fraude, e iso independentemente de que durante a proba os usou ou non quen dispoña de tales aparellos ou do material indicado na zona da proba.

O alumnado deberá acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

Segundo o establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación de títulos dos estudos de grao e posgrao" (aprobadas o 19/12/2013 e modificadas o 29/06/2017) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel alumnado que, estando matriculado na materia, non asista ás diferentes actividades de avaliación establecidas para o curso académico.

Deste xeito, clasificarase como "Non presentado" cando:

a) Non completar o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuran na guía docente, ou

b) Non realizar a proba durante o período oficial de avaliación

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será avaliado unicamente coa Proba mixta, que suporá o 100% da calificación. A proba terá o mesmo contido que para o alumnado con dedicación a tempo completo.

O alumnado que non se presente a Proba mixta, aínda que teña participado activamente das outras actividades, será calificado como NON PRESENTADO.

## ÉTICA ACADÉMICA

Considerarase que se comenten prácticas ilícitas cando o alumnado actúa para defraudar ou tratar de defraudar aos sistemas de comprobación e avaliación do rendemento académico, así como o incumprimento das normas establecidas polo profesor para realización de traballos.

Os traballos nos que se detecten prácticas ilícitas serán cualificados cun 0

Recórdase ao alumnado que o uso de calquera axuda ou dispositivo na prova final está totalmente prohibido, e no caso de utilizar calquera soporte non permitido ficará automaticamente suspenso independentemente da nota obtida na prova mixta e dos traballos realizados. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido no artigo 14 das "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario".

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos

prazos oficiais estipulados de maneira previa ao inicio do cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/adi/apoioalumnado/>); en defecto, co tutor ou titora ADI da Facultade de Turismo.

REGLAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UDC (Artigo 11, apartado 4 b)

Cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa a falta de respecto á materia en que se cometeu: o alumno será cualificado con "suspenso" (grado numérico 0) na convocatoria correspondente do curso académico, se se produce a comisión da falta. na primeira oportunidade como na segunda. Para iso modificarase a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, de ser o caso.





## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Alonso Almeida, M<sup>a</sup> Mar (2009). Dirección estratéxica en el sector turístico. Síntesis</li><li>- Garrigós Simón, Fernando José · Cruz Ros, Sonia · Narangajavana Kaosiri, Yeamduan (2017). Dirección estratéxica de empresas turísticas (e-book). Síntesis</li><li>- Rivas García, Jesús (2007). Dirección de empresas tursísticas. Septem</li><li>- Guerras Martín, L.A (2007). La dirección estratéxica de la empresa. Thompson-Civitas</li><li>- Williany Loren Gaia Ferreira Austregesilo, Jakson Renner Rodrigues Soares, Larissa Paola Macedo Cast (2021). Marketing Strategies to Achieve and Promote Events at Brazilian Conventions &amp; Visitors Bureau. Marketing &amp; Tourism Review</li><li>- André Riani Costa Perinotto, Luciano de Lima Sobrinho, Jakson Renner Rodrigues Soares, María Dolores (2021). O uso das estratéxias de Co-marketing, Coopetição e marketing do destino, por meio da mídia social Instagram no período de pandemia. PODIUM Sport, Leisure and Tourism Review</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo/662G01024

Comercialización de Produtos Turísticos/662G01031

Creación e Xestión de Empresas Turísticas/662G01041

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Recoméndase ao alumnado traballar de xeito continuado nos contidos da materia ao longo de todo o curso. Tamén se recomenda que manteña unha comunicación aberta co profesor a través das titorías persoais. Recomendase que antes de cada clase teórica o alumnado lea e prepare o tema que será presentado, empregando o manual básico da materia. Finalmente, é recomendable que o alumnado utilice o horario establecido de titoría para realizar consultas e esclarecer dúbidas da materia. PERSPECTIVA DE XÉNERO Tal e como recolle a diferente normativa aplicable á docencia universitaria, nesta materia deberá incorporarse a perspectiva de xénero (utilizarse unha linguaxe non sexista, empregarse bibliografía de autoría de ambos sexos, fomentarase a intervención en clase de todo o alumnado...). Traballarase na identificación e modificación de prexuízos e actitudes sexistas e incidirase no medio para modificalos e promover valores de respecto e igualdade. Deben detectarse as situacións de discriminación por razón de xénero e proporarse accións e medidas para corrixilas.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías